

Outubro 2017

## O ensino público galego precisa reforzar a atención á diversidade e a orientación educativa

Na Mesa Sectorial, convocada o martes 24 de outubro para debater o concurso específico de Orientación, a CIG-Ensino demandará que se cubran todas as vacantes existentes e que se creen todas as prazas necesarias.

O catálogo de postos de traballo marca un mínimo de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) que entendemos que **se debe incrementar** en todos aqueles centros nos que sexa necesario para atender as Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), así como para poder levar a cabo programas de estimulación e de prevención.

A CIG-Ensino vén denunciando reiteradamente que unha mostra máis dos recortes e da precariedade que estamos a sufrir ten que ver coa atención á diversidade e a orientación educativa. Isto queda reflectido tanto no número de profesionais destas áreas que desenvolven o seu labor en varios centros educativos, así como tamén no elevado número de centros que non contan con persoal definitivo. **A rede de orientación**, posta tantas veces como escusa pola Administración para non dotar definitivamente os centros destes recursos humanos, **segue sen estar feita** e moitos centros educativos seguen sen contar con este persoal.

Na actualidade, a situación de cada centro amosa diferenzas enormes: orientadores/as que realizan itinerancias entre máis de dous centros (pasando dun CEIP a unha escola unitaria no mesmo día), que teñen que atender etapas educativas moi diferentes, cun número de alumnado excesivo...

### A orientación e a atención á diversidade en Infantil e Primaria

Os centros de Educación Infantil e de Primaria **de máis de seis unidades** deberían ter o seu propio departamento de Orientación. Pero isto non é así e a Consellaría só dota con departamento propio os centros que teñen doce

unidades de Educación Primaria, xa que as de Educación Infantil non contan para a administración. É obvio que un primeiro paso na liña de ampliar o servizo de orientación pasaría por **dotar do mesmo os centros con 12 unidades en total, ampliando con máis postos a partir das 18 unidades**. Ademais, hai centros hoxe en día que polo seu tamaño e masificación precisan contar xa con outra persoa de Orientación, pendente de que se acepten as propostas de maior dotación a nivel xeral.

O compartimento de centros, que para a CIG-Ensino debería ter carácter excepcional, pasou nos últimos anos a ser habitual. Nos destinos provisionais de Primaria adjudicáronse **118 itinerancias** de 166 prazas en total. Na oferta de vacantes do concurso de orientación deste ano confírmase a compartición de centros. Para a CIG-Ensino só se poderían incluír centros incompletos que estean na mesma zona de escolarización. Demandamos que se comparta excepcionalmente só cun centro e que se teña en conta, ademais do número de unidades, o alumnado que se vai a atender e as distancias entre os centros e que todas estas circunstancias se contemplen na negociación das prazas.

Partindo de que todos os centros deberían ter o mínimo marcado polo catálogo de postos de traballo de PT e de AL, estas prazas teñen que **verse incrementadas en todos aqueles centros en que as necesidades de atención ás NEAE así o precisen**.

Mención a parte merecen os centros que de forma continuada teñen alumnado con NEAE. Neste caso as prazas **deberían aumentarse sobre o mínimo do catálogo** para que o alumnado poida ter continuidade e para poder levar a cabo programas de estimulación e de prevención.

Moitas das prazas que se ofertaron como “**atención preferente**” poderían cubrirse con carácter definitivo, ficando as prazas en comisión de servizos para casos puntuais, moi específicos e xustificados. Por tanto, a Consellaría debería abrir unha negociación para superar os límites actualmente existentes nos cadros de persoal do corpo de mestres para as especialidades de Orientación, PT e AL. Todo iso, sen esquecer que cada curso varían as necesidades de moitos centros, polo que sempre é importante contar coa necesaria dotación destes especialistas.

### Orientación en Secundaria e na FP

En Secundaria vemos que o funcionariado existente é insuficiente para cubrir as prazas que se ofertan, polo que sería necesario que saísen máis postos na oferta de emprego. Hai datos obxectivos que así o aconsellan. Por exemplo, **no concurso de traslados 2016/17 ficaron sen cubrir 23 das 54 vacantes ofertadas e este curso 2017/18 adjudicáronse 51 prazas de orientación no CADP de Secundaria para persoal interino.** Tamén é necesaria a cobertura inmediata das baixas con carácter inmediato. A Orientación en Secundaria é hoxe máis complexa que nunca e o profesorado con destino provisional, que cambia cada ano de destino, atópase con que pode pasar dun CPI no medio rural, no que atende alumnado de Infantil, Primaria e ESO, a un CIFP no que o seu labor é fundamentalmente de orientación laboral. En calquera caso, trátase de IES masificados e nos que atopan dificultades para desenvolver o seu traballo. Cómpre, por tanto, modificar os cadros de persoal de especialistas de Orientación en Secundaria dotando de máis recursos humanos aqueles centros que o precisen. Nestes recursos estaría incluído tamén o aumento das prazas de mestras e mestres de PT e AL que foran precisas. Tampouco esquecemos a necesidade de dotar determinados centros con persoal non docente como os **educadores sociais.**

### A necesaria ampliación dos EOE

No referido aos Equipos Específicos de Orientación sería necesario o seu reforzo e ampliación para atender ás novas problemáticas que xorden. Así, desde a CIG-Ensino entendemos que se debe tender á **comercialización deste servizo** para poder atender e facer seguimento das necesidades de forma máis rápida e eficiente. Unha rede mínima que puidese facer fronte ás necesidades actuais pasaría por contar con EOE en A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo-Norte, Lugo-Sur, Ourense-Centro, Ourense-Leste, Pontevedra e Vigo. Esta **ampliación territorial** debería vir acompañada polo aumento do cadro de persoal en cada EOE e pola cobertura das vacantes e das baixas que se producen ao longo do curso.

### A acción titorial, a base de todo

Entender a orientación como o acompañamento e o asesoramento do alumnado ao longo do período escolar como un proceso continuo, dirixido a todo o estudiantado e a todos os niveis, converte a titoría no eixo da función orientadora. Para que unha rede de orientación e da atención á diversidade funcione non se pode deixar de lado a base de todo o sistema: o profesorado que nas aulas fai fronte a unha realidade cada vez máis complexa, que precisa recursos e tempo para facer ben o seu traballo. Nin as ratios avultadas nin os horarios sobrecargados ou o exceso de burocracia axudan a que este cometido se poida facer coas mínimas garantías. Mentres quen goberna na Xunta non entenda que o investimento na atención á diversidade é garante da calidade educativa, da equidade e das potencialidades do noso alumnado non haberá melloras na rede de orientación e na atención á diversidade suficientes. Por iso, desde a CIG-Ensino nunca nos cansaremos de insistir na necesidade da **redución de ratios** (15 en Infantil, 20 en Primaria, 25 na ESO e 30 no Bacharelato) e na **recuperación da xornada** lectiva.

## Os nosos locais

### Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.gal

### A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.gal

### Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986610465 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.gal

### Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.gal

### Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.gal

### Lugo

Rda de Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

### Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.gal

### Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.gal

### A Mariña

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.gal

### Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.gal

### Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.gal

### Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.gal